

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de marzo de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e un de marzo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(238).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 6 de marzo e ordinaria do 7 de marzo de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(239).- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO XEFE DA UNIDADE ADMINISTRATIVA DA ALCALDÍA EN CURSO DE “FORMACIÓN EN LINGUA FRANCESA”. EXPTE. 10961/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade Administrativa de Alcaldía, do 21.02.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar a asistencia de D. Francisco Javier González Yebra-Pimentel, Xefe da unidade Administrativa da Alcaldía, ao curso de lingua francesa que se desenvolverá na sede da Alianza Francesa de Vigo, entre o 10 de xaneiro e o 30 de maio de 2014, en horario de 10,15 a 11,45 horas, cunha duración de trinta horas, cun custe de 148 euros mensuais, a solicitude do mesmo conformada pola Alcaldía-Presidencia.

SEGUNDO.- Autorizar co dito obxecto o gasto por importe de 740 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 912.0.162.00.00.

3(240).- PROPOSTA DE PERDA DO DEREITO A PERCIBIR O SEGUNDO PAGO DA SUBVENCIÓN DIRECTA DERIVADO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA.89680/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 11.03.14, conformado polo xefe de Servizo de Política de Benestar e a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 26 de abril de 2013, a Xunta de Goberno Local aprobou o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Galicia" (AFAGA) para o programa "Obradoiros Paralelos"

O convenio foi asinado polo Alcalde e o presidente da Asociación o 29 de maio de 2013.

O custo total da execución do convenio para o ano 2013 era de 18.000 euros, contando con consignación presupostaria suficiente na aplicación orzamentaria 2310.4890010 "Convenio Afaga".

Seguindo o pacto cuarto do convenio, unha vez asinado o mesmo, o Concello de Vigo fixo efectivo o 50% do importe total do convenio que foi tramitado en expediente 82869-301.

O mesmo pacto cuarto, no seu apartado b) establece que o pagamento do 50% restante efectuarase unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de outubro de 2013.

Por outra banda, o pacto décimo aclara que a beneficiara da subvención, antes do 31 de outubro de 2013, deberá presentar no Rexistro xeral os documentos que xustifiquen o total do importe concedido".

Con data 19 de decembro de 2013 emitíuse informe no se se daba conformidade á xustificación baseado no informe da técnica do servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade, responsable do programa, no que se pon de manifesto que " ... e certo que o escrito presentado para a xustificación ten data de entrada no rexistro xeral o 29 de novembro, no mes de outubro foi presentada documentación no departamento de Política de Benestar, pero dado que estaba incompleta requeriuse a este fin" Consta igualmente neste informe que o obxecto do convenio así como a súa finalidade foron realizados nas condicións estipuladas no pacto primeiro de convenio.

A Intervención xeral con data 18 de febreiro de 2014, emite informe que se achega, no que dí textualmente: “ O prazo para xustificar o convenio rematou o 31/10/2013, polo que, o compromiso de gasto, nº AD 201300032199 anulouse ao remate do ano por non estar vinculado a un gasto obrigatorio.

Polo tanto, tendo en conta o convenio, apartado décimo, a base 38ª das de Execución do orzamento, no seu partado 8.-Con carácter xeral, as subvenciones e axudas que se outorguen, xustificaránse no prazo previsto nas Bases da convocatoria ou no acordo de concesión no suposto de que as mesmas non estivesen suxeitas ao procedemento de concorrencia competitiva. De non xustificarse nos prazos previstos, o beneficiario perderá o dereito sobre as mesmas. No apartado 10.- Os responsables das unidades xestoras das axudas e subvencións tramitarán as xustificacións das memas con suxeición aos requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da do beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións”.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a perda do dereito a percibir o segundo pago do importe da subvención, outorgada no convenio de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno Local o 26 de abril de 2013, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia (AFAGA), NIF G36776920, que suporía 9.000 euros, por non presentar a xustificación dentro do prazo previsto no acordo de concesión.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(241).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADA A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACION DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE- ANO 2014. EXPTE. 90989/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 11.03.14, o informe de fiscalización do 14.03.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 11.03.14, conformado polo xefe da Área de Política de Benestar, a concelleira-delegada de dita Área e a concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar mediante a utilización de “bono-taxi” un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 25.000,00€ con cargo á partida de Política de Benestar 2310.4800011 “Subvencións taxi discapacitados” e ordenar o pago mediante libramento a xustificar á técnica do departamento de Política de Benestar M^a Jesús Sanromán Varela, con NIF 36018668-R, que se ingresará na conta habilitada do departamento de Política de Benestar 2080 5000 67 3110242616

Así mesmo, autorizar a ampliación do tempo para xustificar este libramento ata decembro de 2014, xa que a finalidade do mesmo é a xestión das axudas mediante tarxetas visa prepago, cargadas con cantidades de 300,00€, 200,00€ ou 100,00€ cada unha dende a concesión da subvención ata a caducidade da tarxeta o 21 de decembro de 2014, momento no que se solicitan os saldos abandonados de cada tarxeta á entidade colaboradora, e procederáse á xustificación do devandito libramento.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DESTINADA A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE- ANO 2014

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

En base ás competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade e evitar o risco de exclusión social por este motivo, o Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, seguindo o procedemento que se indica nestas Bases e de acordo co marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003.

PRIMEIRA.- Obxecto das bases reguladoras e da convocatoria

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión de axudas do programa denominado “bono-taxi” que son axudas económicas de carácter individual, que concede o Concello de Vigo a persoas con discapacidade , que por ter gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo, ao obxecto de proporcionarlles un servizo de desprazamento en taxi.

SEGUNDA.- Finalidade das subvencións

Constitúen a finalidade das axudas económicas que se convocan, favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

TERCEIRA.- Financiamento

O importe total das subvencións a conceder na presente convocatoria non excederá do límite de 25.000,00 € e financiaranse con cargo á partida 2310.4800011 "Subvención taxis discapacitados" do orzamento de Política de Benestar. Tendo en conta o crédito orzamentario do que se dispón, no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento

CUARTA.- Contía das subvencións

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada no apartado anterior entre os usuarios/as, segundo os tramos de ingresos que a continuación se sinalan, sendo a contía máxima por usuario de 300,00€ e a mínima de 100,00€ dende a concesión da subvención pola XGL, ata o 21 de decembro de 2014 (o día 22 xa non estará operativa a tarxeta).

Capacidade económica usuario :	Importe da subvención bono-taxi
Entre 0 e 750,00€	300,00 €
Entre 751,00€ e 1.000,00€	200,00 €
Entre 1.001,00€ e 1,331,27€	100,00 €

Cando o Concello teña coñecemento ata 1 de setembro do 2014 de que un usuario, non vaia a facer uso da tarxeta (falecemento, irse a vivir fora do termo municipal, etc) e o saldo existente sexa superior a 100,00€ será adxudicado á seguinte persoa da lista de agarda..

QUINTA.- Beneficiarios das subvencións

Poderán ser beneficiarios das axudas que se conceden ao amparo da presente convocatoria, as persoas con discapacidade que teñan recoñecida unha minusvalía que afecte gravemente a súa mobilidade, impedíndolle a utilización dos transportes públicos colectivos, sempre que non se atopen comprendidas nalgunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións previstas no artigo 10, apartados 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Requisitos dos solicitantes

Poderán solicitar a subvención destinada a "bono-taxi" as persoas con discapacidade que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado no municipio de Vigo cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da convocatoria do ano 2014 e permanecer de alta no padrón municipal mentres perciba a axuda.
- b) Ter catro anos de idade cumpridos antes da finalización do prazo para solicitar as axudas.

c) *Ter recoñecida a condición legal de minusvalía que afecte gravemente a súa mobilidade non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E,F,G,H)*

d) *Non constar como titular de vehículo automóbil propio.*

e) *Non dispor duns ingresos brutos superiores ao 2,5 do IPREM vixente (15.975,30€ anuais ou 1.331,27 mensuais)*

f) *Os recursos económicos teranse en conta para establecer a lista de concesión do "bono-taxi", que será por orde inversa á contía mensual da persoa solicitante e para a asignación do importe da subvención*

Para o cómputo dos recursos económicos , teranse en conta a renda persoal bruta do solicitante,do último exercicio fiscal .

- *No caso de que a persoa solicitante teña cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal bruta a metade da suma dos ingresos de ambos membros da parella.*
- *No caso de que a persoa solicitante careza de ingresos valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, titor, etc). Neste caso calcularase a renda percápita e deberán aportar a declaración do IRPF das persoas das que depende.*

A renda percápita calcularase tendo en conta a totalidade dos rendementos brutos derivados de:

- ➔ *Rendementos do traballo*
- ➔ *Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario*
- ➔ *Rendementos das actividades económicas*
- ➔ *Outros rendementos que consten na declaración.*

g) *Estar ao corrente nos pagamentos coa AEAT, Concello de Vigo, Seguridade Social e Xunta.*

SÉTIMA.- Solicitud e documentación

As axudas serán solicitadas polas persoas que pretendan ser usuarios ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade .

A solicitude segundo modelo (Anexo I) irá acompañada da seguinte documentación:

- 1) *Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal. E documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).*
- 2) *Fotocopia do certificado oficial de minusvalía expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo.*
(Aqueles persoas que teñen a certificación definitiva, e xa solicitaran a subvención en anos anteriores, non a presentarán de novo)

3) *Declaración responsable, Anexo III, na que se faga constar:*

- *Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, entre outros (Non ter pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, co Concello de Vigo , coa Seguridade Social e coa Xunta)*
- *Non ser titular de vehículo automóbil propio .*
- *Aceptar ás actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.*
- *Utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal .*

4) *Xustificación documental dos recursos económicos:*

4.1) *Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará:*

- *A última declaración da renda, autorizando ao Concello de Vigo para consultar os datos tributarios das persoas interesadas, que obran na Axencia estatal da Administración Tributaria (segundo modelo que se anexa).*
- *Fotocopia do certificado positivo ou negativo das prestación/s ou nóminas que perciba.*

4.2) *No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos brutos da parella, e terán que achegar a mesma documentación co solicitante:*

4.3) *Se o solicitante carece de ingresos, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc) Neste caso calcularase a renda percápita familiar bruta . Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa*

5) *Anexo IV, - Cesión de datos de carácter persoal á entidade colaboradora encargada de emitir as tarxetas Bono taxi.*

O departamento poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

OITAVA.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal que deberá axustarse ao modelo normalizado que acompaña á presente convocatoria.(Anexo I)

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do seguinte día da publicación da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org.

As solicitudes acompañaranse da documentación a que fai referencia a base sétima desta convocatoria.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase á persoa solicitante que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistida a súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A solicitude implicará a autorización ao Concello de Vigo para que realice as actuacións de comprobación que resulten procedentes, aos efectos de verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 38 da Lei de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

NOVENA.- Instrución e resolución das subvencións

O órgano competente para a instrución do procedemento das axudas será o servizo de “Persoas Maiores e Persoas con Discapacidade” do Departamento de Política de Benestar , que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

O órgano instrutor incorporará informe no que se acredite que da documentación que ten no seu poder, desprendese que todos os beneficiarios cumpren os requisitos estipulados

A proposta de resolución para a concesión das subvencións corresponderá o órgano instrutor previa avaliación da Comisión de Valoración formada polo Xefe de Área de Política de Benestar, Xefa do Servizo e á Técnica responsable do programa “bono-taxi”, ou persoas en quen deleguen.

A Xunta de Goberno Local, por proposta da Comisión de valoración, acordará conceder ou desestimar as subvencións con cargo á partida e polo importe máximo sinalado na base terceira da convocatoria.

DÉCIMA.- Prazo de resolución e de notificación

A Xunta de Goberno Local resolverá, de xeito motivado, a concesión ou desestimación das axudas solicitadas no prazo de dous meses, que contará desde a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme o previsto no art. 24 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Sen prexuízo da publicidade que deste proceso se faga na paxina web Vigo.org e no 010.

DECIMOPRIMEIRA.- Compatibilidade da actividade subvencionada

A subvención desta convocatoria, será compatible coa percepción doutras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entidade.

DECIMOSEGUNDA.- Pagos

1. Pago ao beneficiario da subvención.

Esta subvención concrétese na concesión dunha axuda económica que será utilizada polas persoas beneficiarias nos seus desprazamentos persoais, facendo uso do servizo público de taxi dende o momento da concesión pola Xunta de Goberno Local, ata o 21 de decembro de 2014.

Os pagos serán efectuados a través dunha Tarxeta Prepago que se entregará a cada beneficiario da subvención.

DECIMOTERCEIRA.- Normas xerais de utilización

- a) Os servizos de taxi serán persoais, tendo como finalidade favorecer os desprazamentos mediante a utilización dos taxis públicos de Vigo.
- b) Cada beneficiario, contará cunha Tarxeta Prepago, na que se estamparán o seu nome e apelidos sen custo algún para o beneficiario.
- c) A contía da subvención cargarase na Tarxeta Prepago no momento da concesión e iranse descontando os importes dos servizos realizados ata a finalización da cantidade concedida ou do prazo establecido.
- d) A titularidade de cada tarxeta emitida recaerá no Concello de Vigo, Departamento de Política de Benestar .. O Concello de Vigo cederá os datos de nome, apelidos e teléfono móbil, previa autorización do beneficiario (L.O.P.D) para a realización das operacións e procesos relativos á activación e xestión desta Tarxeta Prepago, incluíndo o envío ao número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informando do PIN asociado á Tarxeta Prepago e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela.
- e) A persoas usuaria deberá asinar a tarxeta, e no momento do pagamento fixarse no importe que asina.
- f) A Tarxeta Prepago para "bono-taxi" estará operativa ata o 21 de decembro de 2014 (día 22 inoperativa), procedendo a súa destrución por parte do usuario.
- g) A tarxeta entregárase inactiva procedendo a entidade bancaria colaboradora á activación ás 72 horas dende a súa entrega polo Concello de Vigo, esta activación farase mediante sms non sendo necesario acudir a entidade bancaria.
- h) Unha vez activada a tarxeta, será notificado ao beneficiario pola entidade bancaria colaboradora mediante sms ao móbil que sinalou na súa solicitude, se non aportou número de móbil a tarxeta activase igualmente .
- i) O número secreto de PIN comunicáraselle ao beneficiario da axuda a través de sms ao seu móbil. No caso de non ter móbil, podería solicitalo en calquera oficina da entidade bancaria colaboradora amosando a tarxeta e verificando a súa identidade.
- j) Cada beneficiario/a poderá coñecer o saldo dispoñible da tarxeta a través da web <https://www.damemisaldo.com> ou na entidade bancaria colaboradora.
Para elo, será necesario dispor do PIN da tarxeta, que poderá ser modificado nos caixeiros da entidade bancaria .
- k) No caso de extravío, subtracción ou deterioro da tarxeta, o beneficiario deberá comunicalo no teléfono 902 121314 identificándose como beneficiario da tarxeta prepago do Concello de Vigo.
- l) O uso indebido ou fraudulento da axuda poderá dar lugar, previa instrución do procedemento administrativo correspondente, á perda do dereito ao seu goce.

- m) *Poderá utilizarse calquera taxi da cidade sempre que o taxista acepte pagos con tarxeta prepago e dispoña de conexión on-line cunha entidade financeira.*
- n) *Calquera anomalía que se observe na prestación do servizo será posta en coñecemento do Concello de Vigo.*
- o) *A operatividade da tarxeta restrinxirase ao uso do sector de actividade da categoría comercial "Taxis"; desta forma garántese que o beneficiario da tarxeta soamente poderá utilizala no servizo público de taxis de Vigo.*

DECIMOCUARTA.- Réxime de recursos.

Contra a presente convocatoria, as súas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderán interporse, potestativamente, os seguintes recursos:

- *Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo no prazo dun mes a partir do día seguinte da notificación ou, no seu caso, publicación do acto que se recorra.*
- *Alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso Administrativo no prazo de dous meses. Este prazo computarase a partir do día seguinte ao da notificación do acto que se recorra.*

DECIMOQUINTA.- Tratamento de datos persoais.

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes das axudas, o serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a concellería de Política de Benestar .

Os solicitantes das axudas serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco pola concellería de Política de Benestar do tratamento dos seus datos persoais pola devandita concellería, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

DECIMO SEXTA.- Norma final.

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto no convenio, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXO I
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE BONO – TAXI - ANO 201..

RENOVACIÓN:

NOVA SOLICITUDE

DATOS DO/A SOLICITANTE

1º Apelido		2º Apelido		Nome
Data nacemento	Lugar de nacemento		País de nacemento	DNI/NIE/Pasaporte
Enderezo			C. Postal	Teléfono móbil(obrigatorio)
				Teléfono Fixo(obrigatorio)
Representante legal				
1º Apelido		2º Apelido		Nome DNI/NIE/Pasaporte
DATOS DO/A CÓNXUXE OU PARELLA COA QUE CONVIVE				
1º Apelido		2º Apelido		Nome
Data nacemento	DNI/NIE		Sinatura	
DATOS DA/S PERSOA/S DA/S QUE DEPENDE ECONOMICAMENTE este apartado só se cubrirá se o/a solicitante carece de ingresos				
1º Apelido		2º Apelido		Nome
DNI/NIE	Relación co solicitante			Sinatura
1º Apelido		2º Apelido		Nome
DNI/NIE	Relación co solicitante			Sinatura:

¿E vostede beneficiario/a do servizo 065?	SI	NON
---	----	-----

Vigo,.....dede 201..

Asdo:.....

DOCUMENTACIÓN

- 1) *Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal. E documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).*
- 2) *Fotocopia do certificado oficial de minusvalía expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo.*
(Aquelas persoas que teñen a certificación definitiva, e xa solicitaran a subvención en anos anteriores, non a presentarán de novo)
- 3) *Declaración responsable, Anexo III, na que se faga constar:*
 - *Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, entre outros (Non ter pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, co Concello de Vigo, coa Seguridade Social e coa Xunta)*
 - *Non ser titular de vehículo automóbil propio .*
 - *Aceptar ás actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.*
 - *Utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal .*
- 4) *Xustificación documental dos recursos económicos:*
 - 4.1) *Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará:*
 - *A última declaración da renda, autorizando ao Concello de Vigo para consultar os datos tributarios das persoas interesadas, que obran na Axencia estatal da Administración Tributaria (segundo modelo que se anexa).*
 - *Fotocopia do certificado positivo ou negativo das prestación/s ou nóminas que perciba.*
 - 4.2) *No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos da parella, e terán que achegar a mesma documentación co solicitante.*
 - 4.3) *Se o solicitante carece de ingresos, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai,nai , fillo, titores, etc) Neste caso calcularase a renda percápita familiar. Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa*
- 5) *Anexo II - Cesión de datos de carácter persoal á entidade colaboradora encargada de emitir as tarxetas Bono taxi.*

O departamento poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

ANEXO II

CONVOCATORIA 201..

AUTORIZACIÓN SOLICITUDE DATOS

D/D^a.....NIF.....

AUTORIZO ao Concello (Concellería de Política de Benestar) a solicitarlles ás Administracións Públicas a documentación necesaria para completar a presente solicitude

De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de protección de datos de carácter persoal", quedo informado/a de que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal, e está prevista a cesión dos ditos datos á entidade colaboradora.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderei exercitalos nos termos previstos na citada lei.

Vigo, ___ de _____ de 201

Asdo.:

.....

D/D^a.....NIF.....

AUTORIZO ao Concello (Concellería de Política de Benestar) a solicitarlles ás Administracións Públicas a documentación necesaria para completar a presente solicitude

De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de protección de datos de carácter persoal", quedo informado de que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal, e está prevista a cesión dos ditos datos á entidade colaboradora.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderei exercitalos nos termos previstos na citada lei.

Vigo, ___ de _____ de 201

Asdo.:

ANEXO III

CONVOCATORIA 201..

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A SOLICITANTE DA AXUDA

Don/Dona _____, con DNI/NIF núm. _____

Representante legal

Don/Dona _____, con DNI/NIF núm. _____

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións, e en particular non ter pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, co Concello de Vigo coa Seguridade Social e coa Xunta
- Non ser titular de vehículo automóbil propio
- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración
- Utilizar a axuda para desprazamentos dentro do termo municipal.

Vigo,dede 201

O/a solicitante ou representante legal

Asdo:.....

ANEXO IV

CONVOCATORIA 2014

CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

"Eu, Don/Dona....., con DNI/NIF número.....,

Representante legal

Don/Dona....., con DNI/NIF número.....,

Quedo informado/a de que, por virtude do contrato de servizos bancarios suscrito entre o CONCELLO DE VIGO e, esta última é a entidade financeira emisora das Tarxetas Prepago da marca VISA das que o CONCELLO DE VIGO dispón e ofrece no eido das axudas aos discapacitados. En consecuencia, consinto que os datos do meu nome, apelidos e número de teléfono móbil sexan comunicados polo CONCELLO DE VIGO a..... coa finalidade de que esta última poida tratalos e utilízalos para emitir ao meu favor, estampar e gravar a correspondente Tarxeta Prepago da marca VISA, da que será titular o CONCELLO DE VIGO, así como para realizar as operacións e procesos relativos á súa activación e xestión, incluíndo o envío ao meu número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informándome do PIN asociado á Tarxeta Prepago e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela, así como doutras mensaxes SMS informándome das recargas que, no seu caso, o CONCELLO DE VIGO efectúe. Quedo así mesmo informado de que, en relación cos meus datos de carácter persoal comunicados polo CONCELLO DE VIGO á, poderei exercitar, nos termos previstos na lexislación vixente, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndome por escrito ao Servizo de Atención ao Cliente de....., no seguinte enderezo:

Vigo, de de 2014
O/a solicitante ou representante legal

5(242).- REVISIÓN DO IPC DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE INTERVENCIÓN FAMILIAR (CLECE S.A.) EXPTE. 90178/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.03.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 7.03.14, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e pola concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar en concepto de atrasos polos meses de novembro e decembro de 2013 e xaneiro e febreiro de 2014, o gasto por importe de 6.409,48 euros con cargo á partida 2310.2260907- Programa menores-convenio infancia-, a favor de CLECE,S.A., NIF A80364243, correspondente ao 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período xullo/2011-outubro-2013, en execución do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato polos servizos de intervención familiar do concello de Vigo.

SEGUNDO- Aprobar para os meses de marzo a outubro de 2014 un incremento mensual por efecto da aplicación do IPC de 1.602,37 euros, elevándose o importe anual do contrato adxudicado a 511.004,76 euros.

6(243).- NOMEAMENTO DE COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE, PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E PLAN DE XESTIÓNS DE RESIDUOS DA OBRA “ESTABLECEMENTO, MELLORA E AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PARQUE CENTRAL DE TEIS. EXPTE. 3348/213.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do oficial xefe do Servizo de Bombeiros, do 14.03.14, que di o seguinte:

Obra: PROXECTO BASICO E DE EXECUCIÓN DE ESTABLECEMENTO, MELLORA E AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PARQUE CENTRAL DE TEIS

Localidade e situación: Angel de Lema y Marina, 46 - VIGO

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autores do proxecto: Juan Luís Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso. Arquitectos municipais.

Dirección facultativa: Juan Luís Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

Contratista titular do plan: MISTURAS S.A

Autores do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: Juan Luís Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso. Arquitectos municipais.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo:

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: ALEJANDRO MARTÍNEZ GARCÍA Titulación: Arquitecto técnico.

Visto o informe do técnico titulado arriba expresado, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da

Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

- 1. Nomear ó arquitecto técnico D. Alejandro Martínez García coma Coordinador de Seguridade e Saúde perante a obra a da obra de Establecemento, mellora e ampliación dos servizos de extinción de incendios, parque central de Teis.*
- 2. .Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra de Establecemento, mellora e ampliación dos servizos de extinción de incendios, parque central de Teis.*
- 3. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra de Establecemento, mellora e ampliación dos servizos de extinción de incendios, parque central de Teis.*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adjudicataria MISTURAS S.A., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(244).- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 20.05.13 “EXECUCIÓN DA SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO RECAÍDA NO P.A. 352/2009 EN RELACIÓN Á CONCESIÓN DE POSTOS NO MERCDO DO PROGRESO” CON BASE NO INFORME-PROPOSTA DO SERVIZO. EXPTE. 5474/551.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Comercio, do 14.03.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Distritos, Parques e Xardíns, Limpeza e Comercio, que di o seguinte:

En Vigo, a 14/03/2014, en relación có asunto de referencia, referido a María Dolores Oya Amoedo con NIF 36037159T

Resultan relevantes para a emisión do presente os seguintes

ANTECEDENTES

Tal e coma se lle indicou na notificación do trámite de audiencia que obra en expediente 157-551 e en relación á súa alegación de data 10/06/13, se procede a subsanar o erro de feito do Acordo da Xunta

de Goberno Local de 20 de maio de 2013, corrixindo o NIF da interesada, debendo figurar coma tal o 36037159T

PROPOSTA

Subsanar o erro de feito do Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2013, corrixindo o NIF da interesada, debendo figurar coma tal o 36037159T

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(245).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A XESTIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 14994/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.03.14, e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 11.03.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para xestión dos servizos da escola municipal de teatro. expte 14994-332 a Imaxinería, S.L., por un prezo total de 89.051,65euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 0 euros, comprometéndose así mesmo á impartición de 60 horas de cursos monográficos. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

9(246).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A CIVIS GLOBAL S.L. EXPTE. 4723/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.03.14, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 17.03.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a CIVIS GLOBAL, S.L. a fianza de 30.329,52 euros, constituída para responder da construción e explotación do polideportivo de Navia, xa que foi constituída unha nova sociedade, MQA NAVIA, S.L., e presentou unha nova garantía polo mesmo importe e co número de operación 201400008279.

10(247).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DOS PROGRAMAS DE 2014 “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS”. EXPTE. 5453/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.03.14, o informe de fiscalización do 13.03.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 14.02.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e

Promoción cultural, o concelleiro de Cultura, Festas e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas de música populares de Vigo, para a organización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas” para o ano 2014.

SEGUNDO.- Autorizar un gasto por un importe de 146.250,00 euros a favor da Federación de Bandas de música populares de Vigo (CIF G-36.855.906) en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 3380.489.0002 (Convenio Federación de Bandas de música) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio prorrogado.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE VIGO PARA O ANO 2014.

Na Casa do Concello de Vigo, de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. CAYETANO RODRIGUEZ ESCUDERO, CONCELEIRO DELEGADO DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS na representación legal do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2013, e resolución do Alcalde de data 19 de febreiro de 2014.

Doutra, don. ENRIQUE LORENZO VILA, como presidente e en representación da FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, CIF nº G-36.855.906, inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 857-03 e enderezo social na rúa Canteiros nº 53 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 5453/335

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo, en colaboración coa Federación de Bandas de música populares de Vigo, ven realizando unha importante labor de apoio, difusión e potenciación das bandas populares de música de Vigo mediante a programación de ciclos de concertos e actuacións en distintos barrios da cidade ao longo de todo o ano e a través da formación continua dos integrantes das nove bandas de música de Vigo.

II.- Que a Federación aglutina todas e cada unha das bandas de música da cidade de Vigo.

III. Que dende o ano 1990, O Concello e a Federación veñen subscribindo convenios de colaboración de forma ininterrompida (programa “Vigo, un mar de bandas”), con resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Que dende o ano 2001-2002, véñse desenvolvendo o programa “Aulas de música nas bandas”. A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

V.- Que o Concello en colaboración coa Federación pretende acadar dous obxectivos: a formación continua dos integrantes das bandas de música en Vigo, e achegar deste xeito unha oferta musical de maior calidade ós cidadáns fomentando a creación de novos públicos.

VI.- Que a exclusividade dos dous programas considérase acreditada no proxecto presentado pola Federación.

VII.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0002, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 146.250,00 euros (cento coarenta e seis mil douscentos cincoenta), a favor da entidade FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO.

VIII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é formalizar o apoio, a potenciación e a promoción por parte do Concello de Vigo das nove bandas populares de música do termo municipal agrupadas na Federación, a través dos seguintes programas:

- "Vigo, un mar de bandas", cuxo propósito é o de achegar a música ós cidadáns e fomentar a creación de novos públicos, coa programación de ciclos de concertos e actuacións durante todo o ano polos barrios e centro da cidade.

- "Aulas de música nas bandas", cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía.

IX.- Que a entidade Federación de bandas de música populares de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 5453/335

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Federación de Bandas de música populares de Vigo comprométese a colaborar co servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto a organización dos programas "Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de música nas bandas" e, concretamente, a:

1º.- Que cada unha das nove bandas representadas a través da beneficiaria e relacionadas no pacto cuarto deste Convenio realicen dez actuacións, unha delas de carácter gratuíto a decidir polo Concello. En total, realizaranse noventa actuacións.

O servizo de Festas comunicará á beneficiaria os lugares, datas e horas das actuacións de cada banda:

- Se a data indicada estivese dispoñíbel, a banda quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.

- Se a data estivese comprometida previamente, a banda terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.

- Toda a actuación que se realice sen a autorización previa do servizo de Festas non será aboada con cargo a este convenio.

2º.- Cumprir a programación obxecto do programa “Aulas de música nas bandas” segundo o proxecto e presuposto presentados, que se achegan ó expediente, podendo a tal fin concertar con terceiros a execución das actividades de formación.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ó proxecto; dotar de material necesario e profesorado titulado co fin de acadar os obxectivos previstos no programa “Aulas de música nas bandas”.

4º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento dos programas “Vigo un mar de bandas” e “Aulas de músicas nas bandas”, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

5º.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que poidan xerarse como consecuencia das actuacións dos alumnos.

6º.- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

7º.- Publicitar de xeito adecuado o inicio dos cursos do programa “Aulas de música nas bandas” que figura no convenio, no mes de xaneiro, para o cal inseriranse dous anuncios en días alternos nos tres principais medios de comunicación escritos locais. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa “Aulas de música nas bandas”.

8º.- A beneficiaria deberá repartir a cada unha das bandas asinantes as nove estruturas publicitarias desmontábeis cos logotipos oficiais. Estas estruturas deberán estar presentes nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visíbel. Así mesmo, cada banda responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.

9º.- As bandas presentarán á Federación beneficiaria solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes “certificacións de actuación” (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) e segundo os prazos establecidos na cláusula sexta.

10º.- Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Cultura, Festas e Museos deberán asumir os seguintes compromisos:

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel que edite a propia entidade.

- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da banda.

- Cubrir a “certificación de actuación”, da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posíbeis incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.

- Presentar o concerto, facendo unha mención breve ao historial da banda, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Programar as datas e lugares das actuacións, que poderán ter estrutura de ciclos, segundo os criterios que concerte coa beneficiaria.

2º.- Comunicarlle á beneficiaria os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais para os concertos e 5 días naturais para os actos oficiais. Debido a isto, poderá desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.

3º.- Editar o material gráfico, se é o caso, e realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4º.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver e consensuadas coas propias bandas de música implicadas ou en todo caso coa beneficiaria, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Neste sentido, evitarase realizar actuacións ao aire libre en zonas peonís, salvo expresa autorización por escrito do Concello. En todo caso, deberase respectar a normativa relativa á protección contra a contaminación acústica.

5º.- Conceder directamente á Federación de Bandas de música populares de Vigo, unha subvención por importe de 146.250,00 (cento corenta e seis mil douscentos cincuenta) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas”.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- O número total de actuacións con cargo ó programa “Vigo, un mar de bandas” será de 90 (noventa), sendo unha delas, por cada unha das nove bandas asinantes, de carácter gratuíto no lugar, data e hora que determine o Concello.

As contías que se establecen por actuación e banda, á proposta da beneficiaria, son as seguintes:

Unión musical de Valladares	1.255,00 €
Escola de Música de Beade	1.255,00 €
Agrupación musical Atlántida de Matamá	1.255,00 €
Unión musical de Coruxo	1.188,00 €
Lira de San Miguel de Oia	1.188,00 €
Escola de música da UVCD de Candeán	1.188,00 €
Unión musical de Cabral	1.188,00 €
As Delicias do Caeiro – Cabral	1.055,00 €
Ateneo musical de Bembrive	1.055,00 €

Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación das bandas (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras para os músicos,...), ascendendo o importe total do programa "Vigo un mar de Bandas" a 95.643,00 euros. Cada banda realizará unha actuación de carácter gratuíto.

O Concello aboará a cantidade de 607,00 euros, en concepto da planificación de actividades complementarias e da coordinación das actuacións recollidas no convenio; e de 50.000,00 euros para o desenvolvemento do programa de formación continua para músicos por parte das bandas "Aulas de música nas bandas", de acordo co proxecto que se achega ao expediente.

Quinto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Sexto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio realizarase por transferencia bancaria ao IBAN ES05 2080 5128 0730 4000 3665, domiciliada en Novagaliciabanco, da que é titular a entidade beneficiaria, segundo o seguinte:

a) Un primeiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena do mes de maio polo importe correspondente ao número de actuacións deste período, e polo importe correspondente ao programa de formación continua para músicos por parte das bandas "Aulas de música nas bandas".

b) Un segundo pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena de setembro polo importe correspondente ao número de actuacións deste período (xuño, xullo, agosto e primeira quincena de setembro), e polo importe correspondente do programa de formación continua para músicos por parte das bandas "Aulas de música nas bandas".

c) Un terceiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na primeira quincena de decembro polo importe correspondente ao número de actuacións desde último período (segunda quincena de setembro, outubro, novembro e decembro).

A beneficiaria terá que acreditar xunto coas solicitudes dos tres pagamentos, as memorias parciais de actuación e económica correspondentes a cada período conforme o recollido no pacto décimo primeiro deste convenio.

A beneficiaria xunto coa solicitude do terceiro pagamento deberá presentar ademais un informe final relativo ó desenvolvemento do programa "Vigo, un mar de bandas" así como memoria-avaliación final das actividades correspondentes ó programa "Aulas de música nas bandas". En particular e con relación ao programa "Aulas de música nas bandas", esta memoria debe incluír a maiores: relación de cursos e actividades realizadas (entidades, profesorado, duración, etc), contido das materias impartidas e número de alumnos participantes das diferentes actividades.

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo na imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Décimo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Décimo primeiro.- A beneficiaria, nas datas indicadas no pacto sexto, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar a través do Rexistro Xeral unha memoria-avaliación dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas”, onde figurarán como mínimo:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas das actuacións realizadas emitidas á Federación polas bandas asociadas (programa “Vigo, un mar de bandas”), que serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio, Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitiran facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade

beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

No caso do programa “Aulas de música nas bandas” achegaranse as correspondentes facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio conforme o establecido no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes (os custos salariais acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asignadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións da seguridade social).

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo segundo.- *Antes de proceder aos pagamentos da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007*

Décimo terceiro.- *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polo servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo cuarto.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo quinto.- *O Concello poderá descontar no último pagamento as contías correspondentes por actuación e banda (recollidas no pacto cuarto) polos seguintes motivos:*

- *Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;*
- *Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;*
- *Por non ter presente a estrutura publicitaria en dous concertos.*

Décimo sexto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. O Concello resérvase o dereito de incluír a programación obxecto deste convenio na posíbel axenda que edite e/ou difunda cos actos previstos no auditorio municipal.

Décimo oitavo.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase en base ás "certificacións de actuación" asinadas pola entidade correspondente, ás memorias e informes que presente a beneficiaria e da presenza de persoal técnico da Concellería de Festas durante os concertos ou actividades que se determinen.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Vixésimo.- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo primeiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo segundo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo.

Vixésimo terceiro.- As actuacións con cargo ó programa "Vigo, un mar de bandas" irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle ao Concello, en coordinación coa beneficiaria.

Con carácter xeral, quedan excluídas do convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais, así como aqueles concertos programados dentro do mesmo ámbito territorial parroquial asociado á mesma banda de música.

Así mesmo, poderanse realizar actuacións en desfiles, pasacalles ou procesións ata un máximo de 14 actuacións, entre elas as seis procesións seguintes de ámbito de cidade realizadas no centro urbano: A Borriquilla (domingo de Ramos), A Paixón (xoves santo), Santo Enterro e Virxe da Soedade (venres santo), Cristo da Victoria e Santa María (patroa de Vigo).

Con carácter excepcional e a proposta da Concellería de Cultura, Festas e Museos, poderanse autorizar a programación doutras actuacións e concertos que non cumpran as condicións anteriores.

Ademais dos concertos que se programen en base a este convenio, o Concello poderá contratar a calquera das bandas asinantes para a súa actuación nun acto oficial, aboándoselle por este concepto a cantidade estipulada anteriormente.

As actividades recollidas no programa "Aulas de música nas bandas" están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e gratuíto. O límite de alumnos estará determinado polo número de prazos dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados. Realizaranse ademais intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa con obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música. Ao final do curso entregaranse diplomas acreditativos do seu paso pola rede de escolas do programa. Está prevista tamén a distinción de alumnos destacados a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data anteriormente indicados.

11(248).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2014. EXPTE. 5474/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.03.14, o informe de fiscalización do 14.03.14, e de acordo co informe-proposta do 6.02.14, conformado polo xefe do Ser4vizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Cultura, Festas e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación veciñal e cultural Casco Vello para a organización dos actos da Reconquista 2014.

SEGUNDO.- Autorizar un gasto por importe de 40.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación veciñal e cultural Casco Vello (CIF G-36.645.885), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.227.9904 (Convenio Reconquista) do programa orzamentaria de Festas para o vixente exercicio prorrogado.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2014.

Vigo, a _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. CAYETANO RODRIGUEZ ESCUDERO, CONCELEIRO DELEGADO DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS na representación legal do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2013, e resolución do Alcalde de data 19 de febreiro de 2014.

Doutra parte, D. CÁNDIDO PÉREZ BETANZOS, PRESIDENTE e en representación da ASOCIACIÓN VECINAL Y CULTURAL CASCO VELLO DE VIGO, CIF G-36645885, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Oliva, 12 - 36202 Vigo; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que a Concellería de Cultura, Festas e Museos a través do servizo de festas ten como un dos seus principais obxectivos a dinamización sociocultural dos distintos barrios, como elemento clave para a participación das súas veciñas e veciños, e en especial naquelas celebracións relevantes para toda a cidade como é a Reconquista de Vigo, o 28 de marzo.

2. Que a celebración da Reconquista supón unha importante labor de revitalización do barrio histórico da cidade, mediante a organización de diferentes actividades lúdicas cunha notábel participación da cidadanía e converténdose nun acto de referencia no calendario cultural municipal.

3. Que ambas as partes desexan establecer un marco de colaboración económico e organizativo para a celebración da RECONQUISTA 2014, a través de actividades nas que toda a sociedade viguesa teña a oportunidade de participar, xa que na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polos seguintes

PACTOS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dunha programación conmemorativa da RECONQUISTA 2014 que incluírá as actividades que figuran no Anexo I ao convenio e que perseguen como principais fins:

- Dar a coñecer parte da historia da cidade de Vigo.*
- Fomentar a participación das xentes dunha forma lúdica.*
- Dinamizar cultural e socialmente o barrio.*
- Recoñecer o Barrio Histórico da cidade como alternativa cultural e de ocio.*

Segunda.- O CONCELLO establecerá unha contrapartida económica, con todos os conceptos e impostos incluídos, por importe de 40.000 € (coarenta mil euros) que se financiará con cargo a partida 3380.2279904 do programa orzamentario de Festas do vixente exercicio económico prorrogado.

O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 100.000 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE (Anexo II ó convenio).

Terceira.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:

- 1) Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, cumprir o obxectivo e executar o proxecto achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.
- 2) Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións de carácter non municipal necesarios para a súa realización.
- 3) Responsabilizarse fronte a calquera dano real ou presunto que se cause a terceiros con ocasión das actividades programadas na Reconquista 2014, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil nº 0040-5011355 de FIATC Mutua de Seguros y Reaseguros a Prima Fija, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregou ao CONCELLO copia da póliza que se achega no expediente.
- 4) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 5) Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor, de ser o caso, que se xeren pola programación que figura neste convenio.
- 6) Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do servizo e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo. Ademais, a ENTIDADE terá que dar adecuada publicidade e difusión á actividade, e facer mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.
- 7) Presentar, a través do Rexistro Xeral, memoria xustificativa das actividades obxecto deste convenio, dentro dos trinta días seguintes á súa finalización, que conterá como mínimo os seguintes elementos:
 - a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa e informe de incidencias.
 - b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

Documentos xustificativos, facturas ou documentos equivalentes no tráfico xurídico mercantil acreditativos do gasto realizado ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio, Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarásese en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

8) A comprobación da realización das actividades recollidas no convenio corresponderalle ao persoal técnico do servizo de Festas encargado do seguimento séu seguimento, que emitirá informe no que se poña de manifesto a realización das actividades e o cumprimento da finalidade, así como a conformidade cos documentos xustificativos presentados. O dito informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.

9) Todo o material elaborado con cargo ó presuposto do convenio para a representación da Reconquista 2014 (traxes, porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pendóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado (en perfecto estado de conservación e limpeza) nun lugar a determinar pola Concellería de Cultura, Festas e Museos.

10) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

11) A ENTIDADE terá que coordinar co departamento de prensa do CONCELLO todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

Cuarta.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

Quinta.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio 40.000,00 € (coarenta mil euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número IBAN

ES962080.5045.89.3040010210, domiciliada na entidade Novagaliciabanco da que é titular A ENTIDADE, previa solicitude de pagamento da entidade que terá que presentar polo Rexistro Xeral xunto coa documentación requirida na cláusula 3ª 7 a) e b) do presente convenio dentro dun prazo máximo de trinta días dende a finalización da actividade.

Sexta.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a constitución dunha comisión mixta, presidida polo concelleiro de Cultura, Festas e Museos composta por dous membros designados polo Concello de Vigo e un pola Asociación Veciñal e cultural Casco Vello; como secretario actuará un/ha técnico/a do Concello.

Sétima.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e da ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Oitava.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Novena.- Este convenio terá carácter administrativo e rexerase polo establecido nas súas propias cláusulas e no non previsto estarase á regulación da Lei de contratos das administracións públicas para o contrato de servizos.

Décima.- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican.

12(249).- XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO PARA O ANO 2014. EXPTE. 15776/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.03.14, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 17.02.13, conformado polo concelleiro de Educación e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo, para o ano 2014 (Programa Autoxestión 2014), que se achega no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar as modificacións puntuais de determinados aspectos da Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos, do seguinte xeito:

Onde	Texto actual	Texto proposto
1. Aspectos xerais. Limitación económica (páx. 10)	Non se poderán realizar, con cargo ao Programa Autoxestión, obras e actuacións (agás no caso de autorización expresa da UTSE) cun importe que supere os 1.000 euros	Non se poderán realizar, con cargo ao Programa Autoxestión, obras e actuacións (agás no caso de consulta previa de conformidade coa UTSE) cun importe que supere os 1.000 euros
ED.9.3 Pequenas reparacións, reposición de elementos (pax.41)	En caso de ter que substituír algunha tubaxe (ou tramo) da rede de subministro de auga, deberase ter en conta que non se poden mesturar ...	En caso de ter que substituír algunha tubaxe (ou tramo) da rede de subministro de auga, esta actuación deberase avisar e consultar previamente coa UTSE.

TERCEIRO.- Aprobar a autorización do gasto previsto para a posta en marcha do Programa de Autoxestión 2014, destinando para tal fin a cantidade de 290,836,73 euros (DOUSCENTOS NOVENTA MIL OITOCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS), da partida 3210 2120000 “Reparacións e mantemento edificios colexios” do orzamento municipal vixente.

PROCEDIMENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO, PARA O ANO 2014

(Programa Autoxestión 2014)

(expte.: 15776/332

BASES

PRIMEIRA.- Destínase a cantidade de 296.590,00 euros para o ano 2014, para ser xestionada directamente polos consellos escolares de cada centro público de educación infantil e primaria, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos, fundamentalmente no referido aos traballos de mantemento dos centros que precisen actuacións de pequena entidade, consonte coas consideracións que se especifican na Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos, editada polo servizo municipal de Educación, sobre competencias e procedementos de mantemento e conservación, que obra en poder dos respectivos equipos directivos dos centros públicos, e de conformidade co indicado no presente Procedemento.

SEGUNDA.- Esta cantidade distribuirase en cada colexio seguindo o baremo que se indica na base Sétima e que queda reflectido no Anexo I. Haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2014 aos centros, e conforme ao establecido na base Terceira do Programa Autoxestión, aqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2013), ese saldo detraerase da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento conforme se reflicte no Anexo II, cun montante total de 290,836,73 euros. Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2014 será a indicada no Anexo I inicial (296.590,00 €), pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2013 + financiamento 2014). A cantidade asignada para o presente ano 2014 farase efectiva do xeito que se indica no seguinte punto.

TERCEIRA.- O Concello entregará á dirección de cada colexio a cantidade asignada nun pago único, a principios do ano, consecuencia da tramitación e aprobación polo órgano competente do correspondente expediente para o Programa Autoxestión.

Durante o primeiro mes do ano seguinte, a Dirección do centro educativo presentará a xustificación da totalidade do importe librado (Relación de facturas), tal e como a continuación se indica, xunto coa correspondente Certificación do acordo do Consello Escolar. No caso de que o importe xustificado fora inferior ao importe librado, o correspondente saldo será deducido do seguinte ingreso a realizar (pago do ano seguinte) polo Concello de Vigo ao abeiro do Programa Autoxestión, contabilizándose a partir dese momento como importe a xustificar no novo periodo.

Se o centro educativo non participara no citado programa nesa anualidade, o saldo deberá ser ingresado na conta do Concello, polo que a aportación municipal para a conservación e mantemento será xustificada na súa totalidade.

Esta documentación xustificativa, correspondente ao programa municipal de Autoxestión 2013, será supervisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) para o seu posterior informe do Servizo de Educación, acreditativo de que as facturas son conformes aos fins previstos nas presentes bases.

A xustificación de fondos librados deberá ser presentada pola dirección dos centros educativos do seguinte xeito:

1) Relación de facturas: conxunto ordenado de facturas (legais e orixinais) que xustifican gasto referido a traballos de mantemento ordinario e preventivo. As facturas deberán ser de curso legal e nelas debe figurar:

- A palabra "Factura", co seu número correspondente.
- Datos completos do proveedor: nome, CIF, enderezo.
- Concepto do gasto, o máis concreto posible.
- Importe total, co IVE desglosado ou indicando IVE incluído.

Os orixinais das facturas serán arquivados na secretaría do centro para, se é o caso e conforme á base Sexta do Programa Autoxestión, poder seren consultados polos servizos técnicos e económicos municipais.

O modelo de encabezado para a citada relación de facturas deberá ser obrigatoriamente deste formato:

Data factura	Nº factura	Proveedor	NIF proveedor	Concepto	Importe
-----------------	------------	-----------	---------------	----------	---------

2) Certificación do acordo do Consello Escolar correspondente, no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para a liquidación. Esta certificación deberá recibirse no Servizo de Educación preferentemente dentro da segunda quincena do mes de xaneiro de cada ano. Para a súa elaboración, a correspondente Comisión Económica, coa presenza do representante municipal no Consello Escolar, reunirse previamente á celebración do citado Consello Escolar, co obxecto de presentar a xustificación dos gastos efectuados ao abeiro do presente programa municipal de Autoxestión, que se concretará na supervisión da relación ordenada das facturas pagadas con cargo a Autoxestión.

CUARTA.- As contías entregadas destinaranse integramente a gastos relativos ao mantemento ordinario e mantemento preventivo, tanto no referido ao pagamento de facturas relativas aos materiais necesarios (cristais, bombillas, peches, apliques, ...), como ao pagamento das facturas por man de obra e servizos de empresas competentes nas materias obxecto do gasto, legalmente establecidas. Para a concreción do aquí indicado, estarase ao disposto na citada Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos. Para aqueles gastos cun importe superior aos 1.000 euros, deberase efectuar consulta previa de conformidade coa UTSE.

QUINTA.- Prohíbese expresamente, baixo a responsabilidade da dirección do centro, a realización con fondos do Programa Autoxestión de obras de mellora, reforma ou ampliación, así como aquelas reparacións que afecten ás instalacións da calefacción central, gas, instalacións eléctricas e instalacións de fontanería (abastecemento e saneamento) e as que poidan supoñer ponteio, modificación ou sobrecarga das liñas ou demais elementos, agás nos casos nos que a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) as autorice expresamente. Sen embargo, a substitución de elementos eléctricos como bombillas, lámparas, cebadores, resistencias, etc,

entran no Programa Autoxestión e deberán ser realizados polo centro, ao igual que as actuacións simples de fontanería que non afecten ás tubaxes de abastecemento e saneamento.

Todas as reparacións a efectuar nos colexios que non poidan ser comprendidas nos termos deste acordo, deberán ser solicitadas por escrito (preferentemente mediante correo electrónico) á Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), que actuará, asimismo, en caso de emerxencias ou grandes avarías, así como nos casos nos que os colexios non teñan recursos suficientes para afrontalos cunha programación plurianual e por fases, previo informe da Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación.

O Concello resérvase a capacidade de rescindir unilateralmente este acordo cun colexio determinado, no caso de incumprimento dalgún dos seus apartados.

SEXTA.- Dada as diferencias que existen entre uns colexios e outros, a fin de evitar un progresivo distanciamento da calidade entre os centros, controlarase estrictamente o uso das cantidades asignadas. Este control realizarase por medio do persoal técnico do Servizo de Educación e polos mecanismos propios da Intervención municipal e os procedementos ordinarios de inspección de contas previstos na lexislación vixente.

SÉTIMA.- Para a distribución do presuposto xeral previsto, asignarase a cada colexio un número de puntos, resultante da aplicación do seguinte BAREMO:

Estado xeral do centro (criterio da UTSE):

- estado xeral bo (superior á media): 2 puntos
- estado xeral regular (media): 5 puntos
- estado xeral malo (inferior á media): 10 puntos

Número de alumnos (datos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia):

- entre 11 e 50: 2 puntos
- entre 51 e 150: 5 puntos
- máis de 150: 10 puntos

Superficie edificada (m²):

- entre 50 e 500: 10 puntos
- entre 501 e 1500: 15 puntos
- entre 1501 e 2500: 20 puntos
- entre 2501 e 4000: 25 puntos
- entre 4001 e 5500: 30 puntos
- máis de 5500: 35 puntos

Superficie terreos (m²):

- entre 50 e 1000: 10 puntos
- entre 1001 e 3000: 15 puntos
- entre 3001 e 6000: 20 puntos
- entre 6001 e 9000: 25 puntos
- máis de 9000: 30 puntos

OITAVA.- O mantemento das vivendas dos vixilantes-porteiros e do profesorado non está incluído nos custos asumibles polo Programa Autoxestión.

NOVENA.- O Servizo de Educación cursará as ordes oportunas á Intervención Xeral para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ao Programa Autoxestión.

DÉCIMA.- Os centros educativos do Anexo I que, por calquera razón, decidan deixar de participar no presente Programa, deberán manifestalo expresamente por escrito. O servizo municipal de Educación, en base a causas xustificadas e documentadas, poderá dar de baixa do presente Programa aos centros educativos que incumpran o establecido nas disposicións que o

regulan (Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo -de aprobación anual-, e Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos).

ANEXO I

CADRO RESUMO DE DISTRIBUCIÓN DE FONDOS DO PROGRAMA AUTOXESTIÓN PARA O ANO 2014											
COLEXIO	Tipo *	PTO S	Nº aum-nos	PT OS	Superficie edificada (m2)	PT OS	Superficie terreos (m2)	PT OS	TOTAL PTO S	TOTAL EUROS	
Escolas Infantís (EEI)											
E.I. ARAGON	B	5	25	2	436	10	554	10	27	2.565	
E.I. HERNAN CORTÉS	B	5	38	2	503	15	503	10	32	3.040	
E.I. "Cristo da Victoria"	B	5	127	5	1.700	20	2.856	15	45	4.275	
E.I. TEIS "Monte da Guía"	B	5	62	5	620	15	1.900	15	40	3.800	
E.I. VALADARES "Monte do Alba"	B	5	67	5	950	15	2.044	15	40	3.800	
E.I. VILALaura	B	5	295	10	1.548	20	2.900	15	50	4.750	
E.I. ZAMANS	B	5	9	0	320	10	525	10	25	2.375	
Colexios Infantil e Primaria (CEIP)											
ALCABRE "Javier Sensat"	B	5	216	10	3.315	25	8.705	25	65	6.175	
BALAI DOS	B	5	405	10	4.580	30	6.425	25	70	6.650	
BEADE-COUTADA	B	5	230	10	6.508	35	12.301	30	80	7.600	
BEMBRIVE-CHANS	B	5	296	10	4.772	30	8.635	25	70	6.650	
BEMBRIVE-MOSTEIRO	B	5	235	10	2.392	20	6.009	25	60	5.700	
BOUZAS "Virxe do Rocío"	A	2	193	10	6.290	35	6.356	25	72	6.840	
CABRAL-BECERREIRA "Santa Mariña"	B	5	129	5	2.100	20	4.234	20	50	4.750	
CABRAL-CARBALLAL	C	10	132	5	2.740	25	10.020	30	70	6.650	
CABRAL-SELLO	B	5	152	10	3.438	25	3.637	20	60	5.700	
CANDEÁN-FONTECURA	B	5	58	5	2.000	20	4.500	20	50	4.750	
CANDEÁN-IGREXA	B	5	85	5	2.950	25	6.177	25	60	5.700	
CALVARIO-DOBLADA	B	5	296	10	4.040	30	4.016	20	65	6.175	
CANIDO "Ría de Vigo"	B	5	215	10	3.640	25	5.575	20	60	5.700	

COLEXIO	Tipo *	PTOS	Nº alumnos	PTOS	Superficie edificada (m2)	PTOS	Superficie terreos (m2)	PTOS	TOTAL PTOES	TOTAL EUROS
CASTRELOS-COSTA "Mestres Goldar"	B	5	208	10	5.518	35	9.888	30	80	7.600
CASTRELOS-PEREIRÓ "Canicouba"	B	5	269	10	3.858	25	5.438	20	60	5.700
COIA-CHOUZO "Emilia Pardo Bazán"	B	5	407	10	6.508	35	10.076	30	80	7.600
COIA "Seis do Nadal"	B	5	441	10	6.078	35	10.433	30	80	7.600
COIA "Illas Cíes"	B	5	213	10	3.981	25	5.125	20	60	5.700
COIA "Escultor Acuña"	B	5	419	10	4.665	30	9.307	30	75	7.125
COIA-FLORIDA "Pintor Laxeiro"	B	5	418	10	5.017	30	5.903	20	65	6.175
COMESAÑA "Párroco Don Camilo"	B	5	171	10	2.600	25	6.578	25	65	6.175
CORUXO-CARRASQUEIRA	B	5	399	10	5.956	35	10.730	30	80	7.600
CORUXO-TINTUREIRA "A Paz"	B	5	212	10	4.535	30	6.514	25	70	6.650
LAVADORES-POMBAL	C	10	329	10	4.875	30	4.737	20	70	6.650
LAVADORES-VILAR "Valle Inclán"	C	10	127	5	3.378	25	6.370	25	65	6.175
LAVADORES-SAMPAIO "Eduardo Pondal"	B	5	76	5	3.682	25	7.599	25	60	5.700
MATAMÁ-CARNEIRAS "Otero Pedraio"	B	5	184	10	3.050	25	6.225	25	65	6.175
MATAMÁ-RIBAS "Josefa A. Alonso"	B	5	145	5	1.820	20	3.710	20	50	4.750
NAVIA "Alfonso Rodríguez Castelao"	B	5	218	10	2.360	20	5.399	20	55	5.225
SARDOMA "Lope de Vega"	B	5	574	10	6.950	35	9.543	30	80	7.600
SARDOMA-MOLEDO	B	5	157	10	4.120	30	6.800	25	70	6.650
TEIS-COUTADAS "Vicente Risco"	C	10	107	5	1.814	20	2.922	15	50	4.750
TEIS-FRIAN	B	5	325	10	3.820	25	9.404	30	70	6.650
TEIS-IGREXA "San Salvador"	B	5	185	10	3.630	25	7.074	25	65	6.175
TEIS-PRAIXAL	B	5	58	5	2.215	20	4.601	20	50	4.750
TRAVESAS "Altamar"	B	5	214	10	1.590	20	714	10	45	4.275
VALADARES-SOBREIRA	B	5	157	10	4.300	30	15.718	30	75	7.125
VIGO "García Barbón"	B	5	451	10	4.060	30	6.351	25	70	6.650

COLEXIO	Tipo *	PTOS	Nº alumnos	PTOS	Superficie edificada (m2)	PTOS	Superficie terreos (m2)	PTOS	TOTAL PTOS	TOTAL EUROS
VIGO-PICACHO "Ramón y Cajal"	A	2	103	5	4.000	25	3.318	20	52	4.940
Colexios Primaria (CEP)										
VIGO "Dr. Fleming"	A	2	575	10	5.395	30	5.617	20	62	5.890
VALADARES-IGREXA	B	5	153	10	4.175	30	5.504	20	65	6.175
TEIS-ESPIÑEIRO "Santa Tegra"	B	5	79	5	1.826	20	3.030	20	50	4.750
COIA "Celso Emilio Ferreiro" CEP	B	5	239	10	4.645	30	11.140	30	75	7.125
Colexios de Educación Especial (CEE)										
"Saladino Cortizo"	A	2	104	5	5.790	35	14.000	30	72	6.840
TOTAIS		263	10.982	409	170.618	1.305	292.500	1.145	3122	296.590

*** Segundo estado xeral do centro (2-10 ptos):**

- A) Estado xeral bó (superior á media): 2 ptos
 B) Estado xeral regular (media): 5 ptos
 C) Estado xeral malo (inferior á media): 10 ptos

Nº de alumnos (2-10 ptos):

- Entre 11 e 50: 2 ptos
 Entre 51 e 150: 5 ptos
 máis de 150: 10 ptos

Superficie edificada (m2)(10-35 ptos)

- Entre 50 e 500: 10 ptos
 Entre 501 e 1500: 15 ptos
 Entre 1501 e 2500: 20 ptos
 Entre 2501 e 4000: 25 ptos
 Entre 4001 e 5500: 30 ptos
 máis de 5500: 35 ptos

Superficie terreos (m2)(10-30 ptos):

- Entre 50 e 1000: 10 ptos
 Entre 1001 e 3000: 15 ptos
 Entre 3001 e 6000: 20 ptos
 Entre 6001 e 9000: 25 ptos
 Máis de 9001: 30 ptos

296.590,00€ : 3.122 puntos = 95.-€ / punto

Diligencia: Xustificación valoración estado xeral dos centros públicos de ensino.

O criterio de asignación de puntos polo estado xeral dos centros correspondente ao programa de Autoxestión 2014, é o que segundo a Unidade Técnica do servizo de educación (UTSE), ven reflectido no presente cadro (ANEXO I)

ANEXO II					
DISTRIBUCION FONDOS AUTOXESTIÓN 2014 DESPOIS DA XUSTIFICACIÓN 2013					
COLEXIO	Cantidade ingresada Autoxestión 2013	Xustificado 2013	Saldo 2013	Autoxestión corresponde ao ano 2014	Financiamento 2014
Escolas Infantís (EEI)					
E.I. ARAGON	2.565,00	2.166,67	398,33	2.565	2.166,67
E.I. HERNAN CORTÉS	2.654,54	2.654,54	0,00	3.040	3.040,00
E.I. "Cristo da Victoria"	4.275,00	4.601,01	-326,01	4.275	4.275,00
E.I. TEIS "Monte da Guía"	3.800,00	3.791,12	8,88	3.800	3.791,12
E.I. VALADARES "Monte do Alba"	3.800,00	3.801,82	-1,82	3.800	3.800,00
E.I. VILALaura	4.750,00	4.750,00	0,00	4.750	4.750,00
E.I. ZAMANS	2.375,00	1.887,91	487,09	2.375	1.887,91
Colexios Infantil e Primaria (CEIP)					
ALCABRE "Javier Sensat"	6.175,00	6.175,01	-0,01	6.175	6.175,00
BALAI DOS	6.650,00	6.651,97	-1,97	6.650	6.650,00
BEADE-COUTADA	7.560,79	7.436,92	123,87	7.600	7.476,13
BEMBRIVE-CHANS	6.650,00	6.449,05	200,95	6.650	6.449,05
BEMBRIVE-MOSTEIRO	5.693,63	5.693,00	0,63	5.700	5.699,37
BOUZAS "Virxe do Rocío"	4.613,40	3.895,77	717,63	6.840	6.122,37
CABRAL-BECERREIRA "Santa Mariña"	4.750,00	4.770,55	-20,55	4.750	4.750,00
CABRAL-CARBALLAL	6.649,89	6.645,02	4,87	6.650	6.645,13
CABRAL-SELLO	4.858,59	4.949,28	-90,69	5.700	5.700,00
CANDEÁN-FONTECURA	4.739,43	4.942,38	-202,95	4.750	4.750,00
CANDEÁN-IGREXA	5.010,62	4.780,75	229,87	5.700	5.470,13
CALVARIO-DOBLADA	4.330,88	7.606,14	-3275,26	6.175	6.175,00
CANIDO "Ría de Vigo"	5.700,00	5.578,99	121,01	5.700	5.578,99

COLEXIO	Cantidade ingresada Auto-xestión 2013	Xustificado 2013	Saldo 2013	Autoxestión corresponde ao ano 2014	Financiamento 2014
CASTRELOS-COSTA "Mestres Goldar"	7.600,00	7.795,93	-195,93	7.600	7.600,00
CASTRELOS-PEREIRÓ "Canicouba"	5.700,00	5.700,42	-0,42	5.700	5.700,00
COIA-CHOUZO "Emilia Pardo Bazán"	7.600,00	7.605,67	-5,67	7.600	7.600,00
COIA "Seis do Nadal"	7.600,00	7.786,01	-186,01	7.600	7.600,00
COIA "Illas Cíes"	5.700,00	5.706,46	-6,46	5.700	5.700,00
COIA "Escultor Acuña"	7.125,00	7.193,55	-68,55	7.125	7.125,00
COIA-FLORIDA "Pintor Laxeiro"	6.175,00	6.189,60	-14,60	6.175	6.175,00
COMESAÑA "Párroco Don Camilo"	6.175,00	6.175,00	0,00	6.175	6.175,00
CORUXO-CARRASQUEIRA	7.597,92	8.042,11	-444,19	7.600	7.600,00
CORUXO-TINTUREIRA "A Paz"	6.650,00	6.644,89	5,11	6.650	6.644,89
LAVADORES-POMBAL	6.650,00	6.650,78	-0,78	6.650	6.650,00
LAVADORES-VILAR "Valle Inclán"	6.123,57	6.110,18	13,39	6.175	6.161,61
LAVADORES-SAMPAIO "Eduardo Pondal"	5.700,00	5.705,00	-5,00	5.700	5.700,00
MATAMÁ-CARNEIRAS "Otero Pedraio"	3.941,97	6.147,25	-2205,28	6.175	6.175,00
MATAMÁ-RIBAS "Josefa A. Alonso"	5.225,00	5.218,44	6,56	4.750	4.743,44
NAVIA "Alfonso Rodríguez Castelao"	5.225,00	5.225,00	0,00	5.225	5.225,00
SARDOMA "Lope de Vega"	7.332,51	7.324,71	7,80	7.600	7.592,20
SARDOMA-MOLEDO	6.634,78	6.688,38	-53,60	6.650	6.650,00
TEIS-COUTADAS "Vicente Risco"	4.750,00	4.553,88	196,12	4.750	4.553,88
TEIS-FRIAN	6.650,00	6.678,84	-28,84	6.650	6.650,00
TEIS-IGREXA "San Salvador"	6.175,00	7.430,66	-1255,66	6.175	6.175,00
TEIS-PRAIXAL	3.426,80	5.431,72	-2004,92	4.750	4.750,00
TRAVESAS "Altamar"	4.275,00	3.348,75	926,25	4.275	3.348,75
VALADARES-SOBREIRA	5.310,36	5.310,78	-0,42	7.125	7.125,00
COLEXIO	Cantidade ingresada Auto-	Xustificado 2013	Saldo 2013	Autoxestión corresponde	Financiamento 2014

	xestión 2013			ao ano 2014	
VIGO "García Barbón"	6.650,00	6.724,80	-74,80	6.650	6.650,00
VIGO-PICACHO "Ramón y Cajal"	4.940,00	2.826,47	2113,53	4.940	2.826,47
Colexios Primaria (CEP)					
VIGO "Dr. Fleming"	5.890,00	6.307,99	-417,99	5.890	5.890,00
VALADARES-IGREXA	6.175,00	6.175,00	0,00	6.175	6.175,00
TEIS-ESPIÑEIRO "Santa Tegra"	4.740,04	4.553,46	186,58	4.750	4.563,42
COIA "Celso Emilio Ferreiro"	7.125,00	7.120,20	4,80	7.125	7.120,20
Colexios Educación Especial (CEE)					
"Saladino Cortizo"	6.840,00	6.990,26	-150,26	6.840	6.840,00
TOTAIS	285.304,72	290.590,09	5753,27	296.590,00	290.836,73

13(250).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE FEBREIRO 2014. EXPTE. 1783/334.

Mediante providencia de data 17.03.14, en cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleira de Normalización Lingüística dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de febreiro de 2014, que son os seguintes:

<i>Expediente</i>	<i>1765-334. Actividades de dinamización da lingua galega no sector educativo</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 3 de febreiro de 2014</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 9176</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>12.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1766-334. Contacontos para a poboación escolar</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 3 de febreiro de 2014</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 9177</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Urdime S. Coop. Galega</i>

<i>Importe</i>	<i>4.915,45 euros</i>
----------------	-----------------------

<i>Expediente</i>	<i>1768-334. Para festas tradicionais e datas conmemorativas galegas</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 3 de febreiro de 2014</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 9181</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>10.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1769-334. Portes</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 3 de febreiro de 2014</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 9182</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>500,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1770-334. Actividades formativas e dinamizadoras dende o Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo-CIOV</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 4 de febreiro de 2014</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 9183</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>12.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1771-334. Actividade A paisaxe de Vigo</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 4 de febreiro de 2014</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 9180</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Fabaloba SC</i>
<i>Importe</i>	<i>3.150,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1775-334. Obradoiros de improvisación oral en verso para alumnado de secundaria e certame escolar de regueifas 2014</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 26 de febreiro de 2014</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 12154</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>ORAL de Galicia</i>
<i>Importe</i>	<i>7.221, 36 euros</i>

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

14(251).- RECTIFICACIÓN DE ERRO DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 21.02.14 “PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO AOS

POLICÍAS 294463 E 294908” CON BASE NO INFORME-PROPOSTA DO SERVIZO. EXPTE. 40056/212.

Dáse conta do informe-proposta do intendente, xefe en funcións da Policía Local, do 13.03.14, conformado polo concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, que di o seguinte:

Achégase o expediente 40056/212, relativo á incoacción de expediente disciplinario aos policía con nip 294463 e 294908.

Revisado, advírtese outro erro no informe-proposta, en concreto no derradeiro párrafo do 2º punto da parte dispositiva do Acordo:

“ Ao policía con identificación profesional 294908 atribúiselle a presunta comisión da seguinte acción:

A expresión vertida hacia o compañeiro con identificación profesional 294908 “ imbécil serás tu, hijo de puta”

A expresión, tal e como se deduce do propio expediente foi vertida hacia o outro compañeiro expedientado, o funcionario con nip 294463, non hacia si mesmo, conduta que, en todo caso non sería antixurídica.

Evidentemente trátase de un erro material, patente, que se deduce do propio expediente, cuxa corrección atopa amparo no art. 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Común, que permite ás Administracións Públicas rectificar en calquer momento , de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En virtude de canto antecede, veño en propoñer ao Concelleiro-delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Rectificar o Acordo adoptado na sesión do 21 de febreiro de 2014, en relación ao expediente 40056/212 e no derradeiro párrafo do 2º punto da parte dispositiva

onde di:

“ Ao policía con identificación profesional 294908 atribúiselle a presunta comisión da seguinte acción:

A expresión vertida hacia o compañeiro con identificación profesional 294908 “ imbécil serás tu, hijo de puta” “

debe dicir:

“ Ao policía con identificación profesional 294908 atribúiselle a presunta comisión da seguinte acción:

A expresión vertida hacia o compañeiro con identificación profesional 294463 “ imbécil serás tu, hijo de puta” “.

SEGUNDO.- Notificar a corrección ao instructor, secretario, os funcionarios de policía expedientados, ao servizo de Persoal e á Xunta de Persoal aos efectos legalmente previstos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a rectificación proposta no precedente informe.

15(252).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

A) LAPATIAN S.L. EXPTE. 87523/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 17 de xullo de 2013 por Lapatian, S.L., con NIF B-36940989 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Menéndez Pelayo, 5 por non producirse danos.

B) INMOBILIARIA ALCABRE S.L. 97733/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 18 de febreiro de 2013 por Inmobiliaria Alcabre, S.L., con NIF B-36881977 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Sanjurjo Badía, 151 por non producirse danos.

C) COPCISA S.A. EXPTE. 87768/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 18 de xuño de 2013 por Copcisa, con NIF A-08190696 por un importe de 20.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Churruca, 3 por non producirse danos.

D) COMIDISEÑO S.L. EXPTE. 87806/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de setembro de 2013 por Comidiseño Reformas de Locales y Viviendas, S.L., con NIF B-94000452 por un importe de 3.000 €, para responder

dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Doctor Carracido, 2 por non producirse danos.

E) EDUARDO COSTAS RAMILO. EXPTE. 87813/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 14 de novembro de 2013 por Costas Ramilo Eduardo, con NIF 36086529-N por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Velázquez Moreno, 1 por non producirse danos.

F) CONSTRUCCIONES MAGOPE S.L. EXPTE. 87925/210

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 09 de agosto de 2013 por Magope, S.L., con NIF B-36779528 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Rosalía de Castro, 50 por non producirse danos.

G) CONSTRUCCIONES MAGOPE S.L. EXPTE. 87926/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 29 de agosto de 2013 por Magope, S.L., con NIF B-36779528 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Zamora, 110 por non producirse danos.

H) CONSTRUCCIONES MAGOPE S.L. EXPTE. 87927/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 5.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 20 de setembro de 2013 por Magope, S.L., con NIF B-36779528 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa López Mora, 45 por non producirse danos.

I) CONSTRUCCIONES INMAGO S.L. EXPTE. 87928/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 5.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 06 de novembro de 2013 por Construcciones e Impermeabilizaciones Inmago, S.L., con NIF B-36953024 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Florida, 17 por non producirse danos.

K) COMUNIDAD PROP. SANJURJO BADÍA, 184. EXPTE. 87970/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 5.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 12 de novembro de 2013 por Comunidad de Propietarios Sanjurjo Badía, S.L., con NIF H-36716546 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Sanjurjo Badía, 184 por non producirse danos.

L) ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA. 87998/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 5.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 24 de outubro de 2013 por Asistencia y Soluciones de Arquitectura e Ingenieria, S.L., con NIF B-36584787 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Urzaiz, 3 por non producirse danos.

M) GRUPO ESTUCOR S.L. EXPTE. 88063/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 5.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 08 de novembro de 2013 por Grupo Estucor, S.L., con NIF B-70313135 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Policarpo Sanz, 3 por non producirse danos.

N) EXCAVACIONES Y MUROS RUBIO S.L. 88073/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 5.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 11 de decembro de 2013 por Excavaciones y Muros Rubio, S.L., con NIF B-36918514 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Palencia, 53 por non producirse danos.

O) PROYECTOS EDIF. REHABILT. HNOS. VAL MIÑOR 09 S.L. EXPTE. 88076/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 5.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 31 de decembro de 2012 por Rehabilitación Hermanos Val Miñor 09, S.L., con NIF B-27764679 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa López Mora, 94 por non producirse danos.

P) CONSTRUCCIONES MAGOPE S.L. EXPTE. 88089/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 09 de xaneiro de 2014 por Magope, S.L., con NIF B-36779528 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Vázquez Varela, 6 por non producirse danos.

Q) REHABILITACIÓN Y CONSTRUCCIÓN SAUDINO S.L. EXPTE. 88296/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 22 de xaneiro de 2014 por Rehabilitación y Construcción Saudino, S.L., con NIF B-27747567 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Pi y Margall, 79 por non producirse danos.

R) CONSTRUCCIONES GOMRRE S.L. EXPTE. 88341/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 15 de novembro de 2013 por Construcciones Gomrre, S.L., con NIF B-36786358 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Travesía de Vigo, 92 por non producirse danos.

S) JUSTRO ROMÁN S.L. EXPTE. 88385/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 09 de maio de 2013 por Justo Román, S.L., con NIF B-36649473 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Enrique X Macías, 7 por non producirse danos.

T) LAPATIAN S.L. EXPTE. 88397/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 20 de novembro de 2013 por Lapatian, S.L., con NIF B-36940989 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Colón, 33 por non producirse danos.

U) CONSTRUCCIONES Y GRANITOS FERMAN. EXPTE. 88434/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade do 6.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 10 de outubro de 2013 por Construcciones y Granitos Ferman, S.L., con NIF B-36881977 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Médico Don José Mato, 2 por non producirse danos.

V) ASOCIACIÓN CULTURAL DO SALVADOR DE TEIS. EXPTE. 88349/210.

Visto o informe-proposta da xefa de Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza achegada pola ASOCIACIÓN CULTURAL DO SALVADOR DE TEIS CIF G

36769214 en data 19/02/14 por un importe de 2000 € para responder dos posibles danos con motivo da colocación dunha carpa para a celebración do entroido realizado en datas 21 ao 23 de febreiro do ano que andamos no parque da Riouxa, xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

16(253).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A FAVOR DE D^a ELENA RODRÍGUEZ PEQUEÑO POR ENCOMENDA DE FUNCIONES. EXPTE. 6868/407.

Visto o informe de fiscalización do 27.01.14, dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, do 18.12.13, conformado pola xerente de Urbanismo e pola vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.

Con data 31 de xaneiro de 2012 causou baixa por enfermidade grave D^a. Socorro Arbones Arteta, administrativo desta Xerencia Municipal de Urbanismo que ocupa o posto de “xefe de oficina de Planeamento e Xestión” (posto nº 421.06 da relación aprobada pola Xunta de Goberno Local o 27/09/2013 e publicada o 13/11/2013). Dita baixa prolongouse ata o pasado 15/10/2013.

Con data 10/12/2013 a xefa de Planeamento e Xestión emitiu informe no que se expresa “desde a baixa de Socorro Arbones Arteta as funcións relativas á xefatura de oficina é asumida por Elena Rodríguez Pequeño. Polo que ademais das funcións habituais (incrementadas pola falta dunha funcionaria) como administrativo, desenvolveu as funcións propias da xefatura de oficina do Servizo de Planeamento e Xestión”. Engadindo que “estas funcións foron desenvoltas con pleno rendimento e satisfacción para os intereses do Servizo e, polo tanto, da XMU”.

2.- Cálculo do complemento de produtividade proposto.

Conforme as instrucións de plantilla vixentes o complemento de produtividade, no suposto de “desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular”, calcúlase “polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos”.

Os postos e as retribucións asignadas, conforme á relación de postos de traballo publicada no BOP de 13/11/2013, son os seguintes:

- Posto propio: “Administrativo”. Complemento de destino 19 e específico 316.*
- Posto desenvolto: “Xefe de oficina Planeamento-Xestión”. Complemento de destino 22 e específico 313.*

A diferenza entre ditas retribucións é de 214,59 euros/mes. O tempo de prestación efectiva entre 31/01/2012 e 15/10/2013 é de 19 meses (descóntase 1 mes e medio de vacacións disfrutadas nese periodo). En consecuencia o importe proposto é de 4.077,21 euros.

3.- Fundamentación xurídica.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non

entrará en vigor ata o desenvolvemento legislativo posterior, consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma e vista a derogación expresa do artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ó preceptuado no artigo 26.Un.E) da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade: "...retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa con que se desenvolvan os postos de traballo". Ademais dito complemento asóciase a "circunstancias obxectivas".

En igual senso, o artigo 5 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o complemento de produtividade está destinado a retribuir o especial rendemento, actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

As vixentes Instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ó servizo da Corporación Local e dos seus Organismos Autónomos para o exercicio 2010, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 (publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 220, de 16 de novembro de 2010) recollen expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción.

Conforme ás citadas Instrucións "con cargo ao complemento de produtividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e a iniciativa con que desempeñan as súas funcións".

Estas instrucións engaden que "o outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

- a.- Contribuir á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo.*
- b.- Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución."*

As propias instrucións de plantilla do Concello de Vigo preven que o complemento de produtividade retribuirá o "especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos".

4.- Existencia de crédito.

Para afrontar o gasto de aboamento deste complemento de produtividade, por importe de 4.077,21 euros, existe crédito no vixente Orzamento, partida 1510.1500000 "Productividade". Achégase documento de retención de crédito: "RC" nº 201300003927.

No exercicio 2012 o gasto executado con cargo á partida de produtividade foi de 11.247,98 euros. O gasto executado neste concepto en 2013 é de 6.579,02 euros, polo que con este importe proposto non se rebasará a cifra do ano anterior.

5.- Proposta.

Vistos os antecedentes anteditos, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Outorgar á D^a Elena Rodríguez Pequeño, funcionaria da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, un complemento de produtividade de 4.077,21 euros, polas funcións encomendadas e desenvoltas entre o 1 de febreiro de 2012 e 15 de outubro de 2013.

2.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 4.077,21 euros, en concepto de produtividade a favor da empregada municipal anteriormente referenciada, con cargo á partida orzamentaria 1510.1500000 "Productividade" do vixente Orzamento para 2013 da Xerencia Municipal de Urbanismo.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral e Comité de Persoal, debendo expoñerse asemade no taboleiro de edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de ún mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(254).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DE D. ENRIQUE MUNAIZ ALONSO POR ERRO COMETIDO NA CUANTIFICACIÓN DA CANTIDADE CONCEDIDA POR PRODUCTIVIDADE O 23.12.13. EXPTE. 7156/407.

Dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, do 18.12.13, conformado pola xerente de Urbanismo e pola vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.

A proposta da Xerente e do Delegado de Urbanismo a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 23 decembro de 2010, aprobou varios complementos de produtividade ó persoal propio da Xerencia Municipal de Urbanismo, entre eles un de 873,42 euros a favor de D. Enrique Munaiz Alonso. A cuantificación deste complemento realizouse nestos Servizos Centrais, utilizándose varios parámetros entre os que estaba, ademáis da consecución de determinados obxectivos e do especial rendimento acadado, o número de horas traballadas fora do xornada habitual. Nesta cuantificación cometeuse un erro nas horas contabilizadas, reducindo indebidamente o importe que tiña que asignarse en 280 euros. O funcionario afectado ten reclamado verbalmente e por escrito en repeditas ocasións (documentos con número de entrada en Rexistro nº 120038262 e 120112667) dito importe.

2.- Fundamentación xurídica.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata o desenvolvemento legislativo posterior, consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma e vista a derogación expresa do artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de

Medidas para a Reforma da Función Pública, que efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ó preceptuado no artigo 26.Un.E) da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade: "...retribuirá o especial rendimento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa con que se desenvolvan os postos de traballo". Ademais dito complemento asóciase a "circunstancias obxectivas".

En igual senso, o artigo 5 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o complemento de produtividade está destinado a retribuir o especial rendimento, actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

As vixentes Instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ó servizo da Corporación Local e dos seus Organismos Autónomos para o exercicio 2010, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 (publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 220, de 16 de novembro de 2010) recollen expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción.

Conforme ás citadas Instrucións "con cargo ao complemento de produtividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendimento e a actividade extraordinaria, o interese e a iniciativa con que desempeñan as súas funcións".

Estas instrucións engaden que "o outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

- a.- Contribuir á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo.*
- b.- Criterios de equidade en termos de rendimento efectivo e retribución."*

3.- Existencia de crédito.

Para afrontar o gasto de aboamento deste complemento de produtividade, por importe de 280 euros, existe crédito no vixente Orzamento, partida 1510.1500000 "Productividade". Achégase documento de retención de crédito: "RC" nº 201300003928.

No exercicio 2012 o gasto executado con cargo á partida de produtividade foi de 11.247,98 euros. O gasto executado neste concepto en 2013 é de 6.579,02 euros, polo que con este importe proposto non se rebasará a cifra do ano anterior.

4.- Proposta.

Vistos os antecedentes anteditos, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Outorgar á D. Enrique Munaiz Alonso, funcionario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, un complemento de produtividade de 280 euros, pola indebida cuantificación*

realizada no expediente nº 4880/407, aprobado pola Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2010.

2.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 280 euros, en concepto de produtividade a favor do empregado municipal anteriormente referenciado, con cargo á partida orzamentaria 1510.1500000 "Productividade" do vixente Orzamento para 2013 da Xerencia Municipal de Urbanismo.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral e Comité de Persoal, debendo expoñerse asemade no taboleiro de edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de ún mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(255).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A FAVOR DO PERSOAL DE REXISTRO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 7272/407.

Visto o informe de fiscalización do 21.02.14, dáse conta da proposta de data 12.02.14, asinada pola vicepresidente e a xerente da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

O Delegado de Urbanismo e Vivenda, con data 13 de maio de 2011, resolveu:

"Primeiro.- Encomendar a D^a María Josefa De Castro Mosquera (administrativo), a D^a María Luisa León Rodríguez (administrativo) e a D^a Carmen Salgado López (auxiliar administrativo), todas elas adscritas á sección de "Rexistro e Control" desta Xerencia Municipal de Urbanismo, as funcións de calificación e clasificación das solicitudes de licenzas sometidas ó rexime de comunicación previa.

Segundo.- Propoñer a concesión dun complemento de produtividade de 147,37 € ó mes, con efectos do día 2 de febreiro de 2011, ás citadas funcionarias, en tanto se desenvolvan ás funcións anteditas e constatando a prestación real efectiva."

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 2 de febreiro de 2012, adoptou o acordo de outorgar ás citadas funcionarias un complemento de produtividade de 1.473,37 euros para cada unha, polas funcións encomendadas e desenvoltas do 2 de febreiro ó 2 de decembro de 2011 (dez meses). O mesmo órgano, en sesión de 21 de decembro de 2012, recoñeceu de novo unha produtividade polo periodo 2 de decembro de 2011 a 2 de decembro de 2012. Procede, polo tanto, propoñer a concesión dun novo complemento polo periodo 2/12/2012 a 2/12/2013, por seguir cunha periodicidade anual.

Con data 3 de febreiro de 2014, a xefa da Área Técnica informa que “as citadas funcionarias veñen desenvolvendo dende a data na que se lles recoñece os efectos retributivos da encomenda (02/02/2011) as actividades extraordinarias encomendadas cun especial rendimento e de maneira satisfactoria, permitindo esta labor que non fose necesaria adscripción de outro tipo de persoal á citada sección”.

En consecuencia, propónse o aboamento a cada unha das funcionarias dun complemento de produtividade de 1.768,44 euros, polos 12 meses transcorridos desde a data de referencia final do último aboamento realizado (02/12/2012) ata o 02/12/2013, constatando a prestación real e efectiva das funcións encomendadas, debéndose detraer do complemento retributivo equivalente ó tempo de baixa de Carmen Salgado López (208,34 euros por 43 días de baixa).

Vistos os antecedentes anteditos, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“1.- Outorgar ós seguintes funcionarios da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, que a continuación se relacionan, os complementos de produtividade propostos:

- D^a María Josefa De Castro Mosquera (administrativo de Rexistro): 1.768,44 euros.
- D^a María Luisa León Rodríguez (administrativo de Rexistro): 1.768,44 euros.
- D^a Carmen Salgado López (auxiliar administrativo de Rexistro): 1.560,10 euros.

2.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 5.096,98 euros, en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 1510.1500000 “Productividade” do vixente Orzamento para 2014 da Xerencia Municipal de Urbanismo.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral e Comité de Persoal, debendo expoñerse asemade no taboleiro de edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de ún mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

19(256).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL CONCRETADO NUNHA LUDOTECA. EXPTE. 4135/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.01.14, o informe de fiscalización 3.03.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xuventude, do 11.02.14, conformado pola concelleira de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e o CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, que de seguido se transcribe.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000€ a favor da entidade CENTRO, RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, CIF V- 36.627.495 con cargo á aplicación orzamentaria 3370-489.00.04 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 10.000€ correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (10.000€) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estrictamente de carácter social non se esixen garantías.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 10.000 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (10.000 €) á finalización do mesmo.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, María Jesús Lago Rey para a sinatura do presente convenio”

Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, dona María Jesús Lago Rey, na súa calidade de Concelleira-Delegada da Área de Xuventude do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro 2013 , sobre delegación de atribucións.

Doutra, Don Don Pablo Javier Paz Pérez D.N.I 36083678J, como presidente da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo CIF V36627495 e enderezo social en Coruxo, Tarrío nº 298, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Coruxo un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandida

subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4135/336.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, esta e o Concello de Vigo, conveñen a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo comprométese a colaborar coa Concellería de Xuventude do Concello de Vigo en canto a desenvolvemento da actividade de Ludoteca e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 6 e 13 anos, como mínimo.

2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

5º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

6º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Aboar á Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo a cantidade de 20.000,00 € pola organización e desenvolvemento do programa concretado nunha Ludoteca durante o ano 2014,destinada a nenos e nenas de 6 a 13 anos que se desenvolverá dacordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 h. tódolos meses do ano a excepción do mes de agosto, e con cargo á partida 3370.489.00.04 "Subvención Ludoteca de Coruxo" do orzamento do ano 2014.

Co obxecto de tratar de conciliar a vida laboral coa familiar, tentarase adaptar o horario de prestación da actividade ás necesidades das familias en periodo de vacacións escolares.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo,e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (10.000 €) e outro do 50% restante (10.000 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados. Co obxecto de facilitar á entidade a disposición de fondos previos ao pagamento do primeiro prazo anticipado por parte do Concello, establécese como gasto subvencionable a cantidade de 650€ destinados a sufragar gastos financeiros por parte da entidade, indispensables para a execución da actividade. Garántízase que o importe total da subvención non supera o custe da actividade subvencionada.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

Quinto.- (Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución).

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A Asociación Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu a subvención. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. - Tendo en conta que o 95% da subvención destínase a financiar gastos de persoal, a entidade beneficiaria deberá incorporar á conta xustificativa as nóminas es os Tcs relativos a dito persoal, así como unha declaración asinada polo presidente da entidade na que conste que foi practicada a pertinente retención para o Imposto sobre a renda das Persoas Físicas, e que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que

se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo. - Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro. - Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2014.

A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo. - A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude . O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

Décimo terceiro. - A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto. - Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo

20(257).- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.